PALOMA RUIPÉREZ PUENTE
DEPARTAMENTO: ECONOMÍA
IES CAMPO S. ALBERTO -NOIA- CURSO 2020/2021

## ÍNDICE

1-Introdución e contextualización.....3
2-Contribución ao desenvolvemento das competencias clave en relación cos estándares de aprendizaxe os criterios de avaliación os contidos e os obxectivos do bacharelato.....4
3-Concreción dos obxectivos para a materia de Economía de 1º de bacharelato.....16
4- Estándares de aprendizaxe, temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia procedementos e instrumentos de avaliación. Relación dos estándares de aprendizaxe en relación cos perfís competenciais.....18
5-Concrecións metodolóxicas que require a materia.....46
6-Materiais e recursos didácticos que se van a utilizar.....47
7-Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....48
8-Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....49
9-Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de pendentes.....50
10-Organización dos procedementos para acreditar os coñecementos.....50
11-Deseño avaliación inicial e medidas a adoptar como consecuencia dos resultados obtidos.....51
12-Medidas de atención a diversidade.....51
13-Elementos transversais.....52
14-Actividades complementarias e extraescolares.....52
15-Revisión, avaliación e modificación da programación.....53
16-Avaliación do alumnado pendente.....53
17-Anexo Covid-19.....53

## 1-INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Segundo o R.D. 86/2015 DE 25 de xuño polo que se establece o currículo de educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, o bacharelato ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará o alumnado para acceder á educación superior A formación en economía faise necesaria nun contexto globalizado, no que as relacións entre os axentes económicos e sociais son cada día máis complexas. A consideración do comportamento económico das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e da organización dos bens e os servizos necesarios, e da distribución dos recursos escasos facilitan a compresión da realidade social.Calquera persoa necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe específica utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos. O estudo da economía axuda a percibir e a coñecer o mundo, e posibilita analizar e afondar nas relacións humanas, facilita a comprensión dos conceptos utilizados habitualmente na análise económica e empresarial, serve para potenciar destrezas de razoamento, abstracción e interrelación, e proporciona ferramentas para examinar de xeito crítico a sociedade. E contribúe tamén a desenvolver a curiosidade intelectual, a capacidade analítica, o rigor e a amplitude de perspectivas á hora de indagar no coñecemento de variables como o crecemento, a pobreza, a educación, a saúde, a riqueza, o ambiente, etc. Proporciona importantes coñecementos matemáticos e estatísticos, habilidades de comunicación oral e escrita para explicar e transmitir ideas e conclusións, con argumentos e evidencias empíricas, sentido da ética e respecto polo ser humano, así como unha intensa capacidade de traballo, tanto individual como en equipo.

A materia de Economía de 1º de bacharelato emprega un esquema mixto de presentación, baseado principalmente na análise da economía como ciencia, do papel dos axentes económicos e do funcionamento das principais institucións económicas e os seus elementos.

A grande transcendencia social da economía queda reflectida na súa contribución ao fomento da mellora na calidade de vida, ao progreso e ao benestar social. Os coñecementos económicos teñen cada día mías valor, pola importancia de contar cunha cidadanía formada e pola relevancia dunha boa administración dos recursos públicos.

O estudo da economía proporciona, xunto coa formación técnica, competencias lingüísticas e de comunicación, matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, sociais e cívicas, así como sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

## 2- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE EN RELACIÓN COS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN OS CONTIDOS E OS OBXECTIVOS DO BACHARELATO

Segundo establece o currículo regulado polo R.D. 86/2015 DE 25 de xuño, a contribución ao desenvolvemento das competencias clave en relación cos estándares de aprendizaxe queda especificada polo seguinte cadro que relaciona ambos e tamén establece a relación que teñen cos criterios de avaliación os contidos e os obxectivos do bacharelato.

As competencias clave as que fai referencia son as seguintes:

-**CAA**: APRENDER A APRENDER
-**CMCCT**: COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA
-**CSC**: COMPETENCIAS SOCIAIS E CIVÍCAS
-**CD**: COMPETENCIA DIXITAL
**-CSIEE**: SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR
-**CCL**: COMPETENCIA LINGÜÍSTICA
-**CCEC**: CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS



| | Economía. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Economía e escaseza. A organización da actividade económica | | | |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B1.1. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de | ▪ B1.1. Explicar o problema da escaseza: recursos escasos e | ▪ ECB1.1.1. Recoñece a escaseza e a correspondente necesidade de elixir entre decisións | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | oportunidade. | necesidades ilimitadas. | alternativas, como problema máis determinante para afrontar en todo sistema económico. | |
| ▪ a<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B1.2. Mecanismos de asignación de recursos.<br>▪ B1.3. Análise e comparación dos sistemas económicos. | ▪ B1.2. Observar os problemas económicos dunha sociedade, así como analizar e expresar unha valoración crítica das formas de resolución desde o punto de vista dos sistemas económicos. | ▪ ECB1.2.1. Analiza as respostas ás preguntas clave sobre a organización dos principais sistemas económicos. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ ECB1.2.2. Relaciona, para a súa interpretación, os cambios máis recentes no escenario económico mundial coas circunstancias técnicas, económicas, sociais e políticas que os explican, a partir de casos concretos de análise. | ▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ ECB1.2.3. Compara sistemas económicos,utilizando exemplos actuais do ámbito internacional. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSC |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B1.4. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade.<br>▪ B1.5. Principios na toma de decisións económicas.<br>▪ B1.6. Modelos económicos. Economía positiva e normativa. | ▪ B1.3. Comprender o método científico que se utiliza na área da economía, así como identificar as fases da investigación científica en economía e os modelos económicos. | ▪ ECB1.3.1. Distingue as proposicións económicas positivas das proposicións económicas normativas. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | ▪ B1.7. Información económica: interpretación de datos e gráficos. | | ▪ ECB1.3.2. Interpreta os modelos de representación da realidade económica, e emprega os termos e a metodoloxía apropiados para analizar problemas económicos concretos. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | Bloque 2. A actividade produtiva | | | |
| ▪ i<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ p | ▪ B2.1. Proceso produtivo e factores de produción. | ▪ B2.1. Analizar as características principais do proceso produtivo. | ▪ ECB2.1.1. Expresa unha visión integral do funcionamento do sistema produtivo partindo do estudo da empresa e a súa participación en sectores económicos, así como a súa conexión e interdependencia. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B2.2. División técnica do traballo, produtividade e interdependencia. | ▪ B2.2. Explicar as razóns do proceso de división técnica do traballo. | ▪ ECB2.2.1. Relaciona o proceso de división técnica do traballo coa interdependencia económica nun contexto global. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ ECB2.2.2. Clasifica e define os factores produtivos, e describe as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ h | ▪ B2.3. Globalización: cambios no sistema produtivo ou na | ▪ B2.3. Identificar os efectos da actividade empresarial para a | ▪ ECB2.3.1. Analiza para explicar as repercusións da actividade das | ▪ CSIEE<br>▪ CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ i<br>▪ l<br>▪ m | organización da produción. | sociedade e a vida das persoas. | empresas, tanto nun ámbito próximo coma nun ámbito internacional. | |
| ▪ a<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ m | ▪ B2.4. Empresa: obxectivos e funcións. | ▪ B2.4. Expresar os obxectivos e as funcións principais das empresas, utilizando referencias reais do ámbito próximo e transmitindo a utilidade que se xera coa súa actividade. | ▪ ECB2.4.1. Distingue e interpreta os obxectivos e as funcións das empresas. | ▪ CSIEE<br>▪ CAA |
| | | | ▪ ECB2.4.2. Explica a función creadora de utilidade dos bens das empresas. | ▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B2.5. Eficacia, eficiencia e efectividade.<br>▪ B2.6. Eficiencia na produción: eficiencia técnica e económica. | ▪ B2.5 . Relacionar e distinguir a eficiencia técnica e a eficiencia económica. | ▪ ECB2.5.1. Determina e interpreta a eficiencia técnica e económica a partir dos casos formulados. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B2.7. Custos de produción. Cálculo e análise dos custos de produción e dos beneficios. | ▪ B2.6. Calcular e controlar os custos e os beneficios das empresas, e representar e interpretar gráficos relativos a eses conceptos. | ▪ ECB2.6.1. Calcula, clasifica e utiliza diversos tipos de custos, fixos e variables, totais, medios e marxinais, e representa e interpreta gráficos de custos. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ ECB2.6.2. Calcula, analiza e interpreta os beneficios dunha empresa a partir de supostos de ingresos e custos dun período. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ i | ▪ B2.8. Función de produción. | ▪ B2.7. Analizar, representar e | ▪ ECB2.7.1. Representa e | ▪ CMCCT |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ l<br>▪ m | | interpretar a función de produción dunha empresa a partir dun caso dado. | interpreta gráficos de produción total, media e marxinal, a partir de supostos dados. | ▪ CD |
| | Bloque 3. O mercado e o sistema de prezos | | | |
| ▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B3.1. Curva de demanda. Movementos ao longo da curva de demanda e desprazamentos na curva de demanda. Elasticidade da demanda.<br>▪ B3.2. Curva de oferta. Movementos ao longo da curva de oferta e desprazamentos na curva da oferta. Elasticidade da oferta.<br>▪ B3.3. Equilibrio do mercado. | ▪ B3.1. Interpretar, a partir do funcionamento do mercado, as variacións en cantidades demandadas e ofertadas de bens e servizos en función de distintas variables. | ▪ ECB3.1.1. Representa graficamente os efectos das variacións das variables no funcionamento dos mercados. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ ECB3.1.2. Define e expresa matematicamente as variables que determinan a oferta e a demanda. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL |
| | | | ▪ ECB3.1.3. Analiza as elasticidades de demanda e de oferta, interpretando os cambios en prezos e cantidades, así como os seus efectos sobre os ingresos totais. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ a<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B3.4. Estruturas de mercado e modelos de competencia.<br>▪ B3.5. Competencia perfecta. Competencia imperfecta. Monopolio. Oligopolio. Competencia monopolística. | ▪ B3.2. Analizar o funcionamento de mercados reais e observar as súas diferenzas cos modelos, así como as súas consecuencias para os/as consumidores/as, as empresas ou os estados. | ▪ ECB3.2.1. Analiza e compara o funcionamento dos tipos de mercados, e explica as súas diferenzas. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL |
| | | | ▪ ECB3.2.2. Aplica a análise dos tipos de mercados a casos reais | ▪ CAA<br>▪ CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | identificados a partir da observación do ámbito máis inmediato. | |
| | | | ▪ ECB3.2.3. Valora de forma crítica os efectos que se derivan sobre os axentes intervenientes nos diversos mercados. | ▪ CSC |
| | Bloque 4. A macroeconomía | | | |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B4.1. Macromagnitudes: produción. Renda. Gasto.<br>▪ B4.2. Equilibrio macroeconómico: demanda e oferta agregadas.<br>▪ B4.3. Inflación e tipos de xuro.<br>▪ B4.4. Os vínculos dos problemas macroeconómicos e a súa interrelación. | ▪ B4.1. Distinguir as principais magnitudes macroeconómicas, operar con elas e analizar as súas interrelacións, valorando os inconvenientes e as limitacións que presentan como indicadores da calidade de vida. | ▪ ECB4.1.1. Mide, interpreta e expresa as principais magnitudes macroeconómicas como indicadores da situación económica dun país. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ ECB4.1.2. Relaciona as principais macromagnitudes e utilízaas para establecer comparacións con carácter global. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB4.1.3. Analiza de forma crítica os indicadores estudados e valora o seu impacto, os seus efectos e as súas limitacións para medir a calidade de vida. | ▪ CSC |
| ▪ g<br>▪ i | ▪ B4.5Indicadores do desenvolvemento da sociedade: | ▪ B4.2. Interpretar datos e indicadores económicos básicos | ▪ ECB4.2.1. Utiliza e interpreta a información contida en táboas e | ▪ CMCCT<br>▪ CD |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ l | as macromagnitudes e as súas limitacións. | e a súa evolución. | gráficos de variables macroeconómicas e a súa evolución no tempo. | |
| | | | ▪ ECB4.2.2. Considera investigacións e publicacións económicas de referencia como fonte de datos específicos, e recoñece os métodos de estudo utilizados por economistas. | ▪ CAA<br>▪ CD |
| | | | ▪ ECB4.2.3. Opera con variables económicas mediante aplicacións informáticas, analízaas e interprétaas, e presenta as súas valoracións de carácter persoal. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B4.6. Mercado de traballo. Desemprego: tipos e causas. | ▪ B4.3. Valorar a estrutura do mercado de traballo e a súa relación coa educación e a formación, analizando de xeito especial o desemprego. | ▪ ECB4.3.1. Examina e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados co mercado de traballo. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ ECB4.3.2. Valora a relación da educación e a formación coas probabilidades de obter un emprego e mellores salarios. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ ECB4.3.3. Investiga e recoñece vieiros de ocupación e | ▪ CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | tendencias de emprego. | ▪ CD |
| ▪ a<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B4.7. Políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia. | ▪ B4.4. Estudar as opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte á inflación e ao desemprego. | ▪ ECB4.4.1. Analiza os datos de inflación e desemprego en España e as alternativas para loitar contra o desemprego e a inflación. | ▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 5. Aspectos financeiros da Economía | | | |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B5.1. O diñeiro na economía: tipoloxía e funcionamento.<br>▪ B5.2. Proceso de creación do diñeiro. | ▪ B5.1. Recoñecer o proceso de creación do diñeiro, os cambios no seu valor e a forma en que estes se miden. | ▪ ECB5.1.1. Analiza e explica o funcionamento do diñeiro e do sistema financeiro nunha economía. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B5.3. Teorías explicativas da inflación. | ▪ B5.2. Describir as teorías explicativas sobre as causas da inflación e os seus efectos sobre os/as consumidores/as, as empresas e o conxunto da economía. | ▪ ECB5.2.1. Recoñece as causas da inflación e valora as súas repercusións económicas e sociais. | ▪ CSC<br>▪ CD |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B5.4. Sistema financeiro. Novas formas de financiamento. | ▪ B5.3. Explicar o funcionamento do sistema financeiro e coñecer as características dos seus principais produtos e mercados. | ▪ ECB5.3.1. Valora o papel do sistema financeiro como elemento canalizador do aforro ao investimento, e identifica os produtos e os mercados que o | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CD |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | compoñen. | |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B5.5. Política monetaria: instrumentos. | ▪ B5.4. Analizar os tipos de política monetaria. | ▪ ECB5.4.1. Razoa de forma crítica, en contextos reais, sobre as accións de política monetaria e o seu impacto económico e social. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| ▪ i<br>▪ l<br>▪ a<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B5.6. Banco Central Europeo.<br>▪ B5.7. Mecanismos da oferta e demanda monetaria: efectos sobre os tipos de xuro. | ▪ B5.5. Identificar o papel do Banco Central Europeo e a estrutura da súa política monetaria. | ▪ ECB5.5.1. Identifica os obxectivos e a finalidade do Banco Central Europeo, e razoa sobre o seu papel e o seu funcionamento. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ ECB5.5.2. Describe os efectos das variacións dos tipos de xuro na economía. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL |
| | Bloque 6. O contexto internacional da economía | | | |
| ▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B6.1. Comercio internacional: causas e teorías.<br>▪ B6.2. Balanza de pagamentos, con especial referencia á española. | ▪ B6.1. Analizar os fluxos comerciais entre dúas economías. | ▪ ECB6.1.1. Identifica e describe os fluxos comerciais internacionais. | ▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B6.3. Cooperación e integración económica.<br>▪ B6.4. Unión Europea (UE). | ▪ B6.2. Examinar os procesos de integración económica e describir os pasos que se produciron no caso da Unión | ▪ ECB6.2.1. Explica o proceso de cooperación e integración económica producido na Unión Europea, e reflexiona para | ▪ CSC<br>▪ CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | Europea. | valorar as repercusións e as implicacións para España nun contexto global. | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B6.5. Globalización económica e financeira: causas e consecuencias.<br>▪ B6.6. Organismos económicos internacionais: mecanismos de regulación. | ▪ B6.3. Analizar e valorar as causas e as consecuencias da globalización económica, así como o papel dos organismos económicos internacionais na súa regulación. | ▪ ECB6.3.1. Expresa as razóns que xustifican o intercambio económico entre países. | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ ECB6.3.2. Describe as implicacións e os efectos da globalización económica nos países e reflexiona sobre a necesidade da súa regulación e da súa coordinación. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | Bloque 7. Desequilibrios económicos e o papel do Estado na economía | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B7.1. Ciclos económicos: crises na economía.<br>▪ B7.2. Políticas macroeconómicas de crecemento, estabilidade e desenvolvemento.<br>▪ B7.3. Ambiente: recurso sensible e escaso.<br>▪ B7.4. Pobreza e subdesenvolvemento: causas e posibles vías de solución. | ▪ B7.1. Reflexionar sobre o impacto do crecemento e as crises cíclicas na economía e os seus efectos na calidade de vida das persoas, o ambiente e a distribución da riqueza a nivel local e mundial. | ▪ ECB7.1.1. Identifica e analiza os factores e as variables que inflúen no crecemento económico, no desenvolvemento e na redistribución da renda. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ ECB7.1.2. Diferenza os conceptos de crecemento e de desenvolvemento. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ ECB7.1.3. Recoñece e explica as consecuencias do crecemento sobre a repartición da riqueza, sobre o ambiente e sobre a | ▪ CSC<br>▪ CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | calidade de vida. | |
| | | | ▪ ECB7.1.4. Analiza de forma práctica os modelos de desenvolvemento dos países emerxentes e as oportunidades que teñen os países en vías de desenvolvemento para crecer e progresar. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CD |
| | | | ▪ ECB7.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional analizando as posibilidades dun desenvolvemento sustentable. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ ECB7.1.6. Desenvolve actitudes positivas en relación co ambiente e valora a consideración da protección do ambiente na toma de decisións económicas. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ ECB7.1.7. Identifica os bens ambientais como factor de produción escaso, que proporciona inputs e recolle refugallos e residuos, o que | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | supón valorar os custos asociados. | |
| | | | ▪ ECB7.1.8. Recoñece a evolución cíclica da actividade económica, describe as fases, as representa graficamente e considera as súas consecuencias sociais. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B7.5. Política fiscal e orzamentos públicos.<br>▪ B7.6. O Estado na economía: funcións.<br>▪ B7.7. Os fallos do mercado e a intervención do sector público.<br>▪ B7.8. Redistribución de renda e riqueza: igualdade de oportunidades. | ▪ B7.2. Explicar e ilustrar con exemplos significativos as finalidades e as funcións do Estado nos sistemas de economía de mercado, e identificar os principais instrumentos que utiliza, valorando as vantaxes e os inconvenientes do seu papel na actividade económica. | ▪ ECB7.2.1. Distingue e explica as funcións do Estado: fiscais, estabilizadoras, redistributivas, reguladoras e provedoras de bens e servizos públicos. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ ECB7.2.2. Identifica os principais fallos do mercado, as súas causas e os seus efectos para os axentes que interveñen na economía, e as opcións de actuación por parte do Estado. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ ECB7.2.3. Clasifica e describe os elementos integrantes dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |

## 3-CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA A MATERIA DE ECONOMÍA DE 1º DE BACHARELATO

Os obxectivos que se pretenden para o 1º curso de bacharelato na materia de economía son os seguintes:

3.1-Identificar e comprender o ciclo da actividade económica

3.2- Distinguir os diferentes sistemas económicos e formar un xuízo persoal sobre as vantaxes e inconvenientes de cada un deles

3.3- Comprender o funcionamiento do sistema de economía de mercado, e as súas repercusións na sociedade.

3.4- Describir o funcionamiento dos mercados. Coñecer os límites dos mismos utilizando ferramentas conceptuáis, analíticas e gráficas e formulando un xuízo crítico do sistema e do papel do sector público.



3.5-Reflexionar de manera crítica acerca do funcionamiento do sistema financeiro e da necesidade da súa regulación.

3.6-Manifestar interese por coñecer e interpretar con sentido crítico e solidario os grandes problemas económicos actuais, en especial as desigualdades económicas, a sobreexplotación de recursos naturais e os derivados da globalización da actividade económica.

3.7- Relacionar feitos económicos significativos co seu contexto social, político e cultural e natural aplicando a reflexión ás situacións cotiás, formulando xuízos de valor fundamentados.

3.8- Coñecer e comprender os trazos característicos da situación e perspectivas da economía española e de Galicia, analizando os efectos da súa integración ou participación no contexto económico internacional, e no europeo en particular.

3.9- Formular xuízos persoais achega de problemas económicos de actualidade, comunicar as súas opinións, argumentando con precisión e rigor, e aceptar a discrepancia e os puntos de vista distintos como vía de enriquecemento persoal.

3.10- Interpretar as mensaxes, datos e informacións de contido económico que aparecen nos medios de comunicación ou internet sobre desaxustes económicos actuais e contrastar medidas correctoras de política económica que se propoñan, formulando xuízos persoais sobre as mesmas e

comprendendo
que as decisións implican en ocasións ter que elixir entre obxectivos en parte contraditorios, para os diferentes axentes económicos.

3.11-Analizar e valorar criticamente as repercusións do crecemento económico sobre o medioambiente e a calidade de vida das persoas, e recoñecer a importancia que ten para a sociedade a consecución de obxectivos de desenvolvemento sostenible.

3.12- Coñecer a realidade económica e social da contorna, abordando de forma autónoma e razoada os seus problemas económicos, utilizando os procedementos de indagación das ciencias sociais e diversas fontes e medios de información, entre eles as tecnoloxías da información e comunicación. Trasladar esta reflexión ás situacións cotiás nas que se desenvolve o alumnado.

3.13- Coñecer e comprender o uso e significado das principais magnitudes macroeconómicas como indicadores da situación económica dun país ou rexión.

3.14- Reflexionar sobre a conveniencia ou non, da intervención da Administración pública na economía, e dos seus efectos



## 4- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

UNIDADE DIDÁCTICA 1-A CIENCIA ECONÓMICA

| CONTIDOS DA U.D. | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMPORALIZACIÓN | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA | PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| 1.1-A ciencia económica<br>1.2-As necesidades humanas<br>1.3-Os bens que satisfán as necesidades<br>1.4-A actividade | E.A.1.Recoñece a escaseza e a correspondente necesidade de elixir como problema máis determinante en todo sistema económico. | 8 sesións. | -Coñecer a importancia da escaseza na Economía.<br>-Valorar a tipoloxía das necesidades e reflexionar sobre as diferenzas das mesmas segundo sexa a | -Proba escrita de pregunta curta para definir os conceptos estudados.<br>-Traballo persoal de reflexión sobre as necesidades. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| económica | E.A.2.Recoñece as necesidades humanas e o papel que teñen os bens que as satisfán.<br>E.A.3. Entende qué é actividade económica. | | sociedade e o momento a avaliar-<br>-Clasificar os tipos de bens.<br>-Explicar o concepto de actividade económica. | -Visualización e comentario de películas e/ou documentais.<br>- Achega dun comentario persoal e crítico da prensa; de noticias que teñan relación cos conceptos da unidade ou non.<br>-Exercicios e actividades do libro de texto. |



UNIDADE DIDÁCTICA 2-<u>FACTORES E AXENTES ECONÓMICOS</u>

| CONTIDOS DA U.D. | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMPORALIZACIÓN | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA | PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| 2.1-Os factores produtivos<br>2.2-Os axentes económicos<br>2.3-O fluxo circular da renda | E.A.1. Recoñece os distintos factores produtivos<br>E.A.2.Diferenza os axentes económicos e o papel que desempeñan na economía.<br>E.A.3.Representa a relación entre ambos a | 8 sesións. | -Identificar exemplos de factores ou recursos produtivos.<br>-Diferenciar o papel de cada axente económico.<br>-Representar o fluxo circular da renda e interpretar a seu | -Listas de cotexo.<br>-Probas escritas.<br>- Elaboración de mapas conceptuais.<br>-Achega dun comentario persoal e crítico da prensa; de noticias relacionadas ou non c a |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | través do fluxo circular da renda | | significado. | unidade.<br>-Exercicios e actividades do libro de texto.<br>-Busca e consulta de fontes de información e documentación. |

UNIDADE DIDÁCTICA 3- OS SISTEMAS ECONÓMICOS

| CONTIDOS DA U.D. | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMPORALIZACIÓN | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA | PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| 3.1-O sistema económico<br>3.2-A tradición como sistema económico.<br>3.3- A economía planificada.<br>3.4-A economía de mercado.<br>3.5- As economías mixtas | E.A.1. Recoñece as características dun sistema económico e o papel deste na sociedade.<br>E.A.2. Diferenza entre os distintos tipos de sistemas económicos e recoñece os aspectos positivos e negativos de cada un deles.<br>E.A.3.Critica de forma razoada as vantaxes e inconvenientes de cada tipo de sistema para a | 8 sesións | -Identificar un sistema económico e o papel deste na sociedade.<br>-Identificar as vantaxes e desventajas do sistemas de economía planificada, de mercado e mixtos.<br>-Valorar os sistemas económicos dun xeito crítico. | -Listas de cotexo.<br>-Probas escritas.<br>-Esquemas.<br>-Achega dun comentario persoal e crítico da prensa; de noticias que teñan relación cos conceptos da unidade ou non.<br>-Exercicios e actividades do libro de texto.<br>-Comentario de películas ou documentais en relación coa unidade. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | sociedade en xeral. | | | -Busca e consulta de fontes de información e documentación. |

UNIDADE DIDÁCTICA 4- A PRODUCIÓN E A EMPRESA

| CONTIDOS DA U.D. | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMPORALIZACIÓN | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA | PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| 4.1-A produción.<br>4.2-A F.P.P.<br>4.3-As economías de escala.<br>4.4-Os costos de produción.<br>4.5-A maximización dos beneficios. | E.A.1.Identifica a produción e a importancia da mesma na actividade económica.<br>E.A.2. Valora a importancia do modelo da F.P.P.<br>E.A.3. Identifica o concepto de economías de escala. Recoñece a súa importancia na produción empresarial.<br>E.A.4.Identifica e mide cada tipo de costo que aparece na produción.<br>E.A.5.Recoñece a | 8 sesións | -Recoñecer a importancia da produción na actividade económica.<br>-Realizar exemplos a través do modelo da F.P.P.<br>-Explicar o concepto de economías de escala, valorando a súa importancia nos sistemas produtivos.<br>-Realizar táboas de custos e distinguir cada un destes. | -Listas de cotexo.<br>-Probas escritas.<br>-Esquemas.<br>-Achega dun comentario persoal e crítico da prensa.<br>-Exercicios de clasificación e identificación dos custos da empresa.<br>-Comentario dalgunha película ou documental.<br>-Elaboración e interpretación de gráficas, curvas e táboas de custos.<br>-Busca e consulta de fontes de información e |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | importancia do beneficio e como maximizar este na produción. | | | documentación. |

UNIDADE DIDÁCTICA 5- O MERCADO

| CONTIDOS DA U.D. | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMPORALIZACIÓN | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA | PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| 5.1-Supostos de partida<br>5.2-A oferta<br>5.3-A demanda<br>5.4- A elasticidade.<br>5.5-O equilibrio do mercado.<br>5.6-O desprazamento da oferta e da demanda. | E.A.1. Identifica a demanda e a oferta dun mercado e os parámetros que as condicionan.<br>E.A.2.Recoñece o equilibrio de mercado e as condicións que deben darse para variar este.<br>E.A.3 Representa as curvas, os movementos da demanda e da oferta nun mercado calquera.<br>E.A.4. Valora a importancia do concepto da elasticidade dun ben | 8 sesións | - Representar graficamente a oferta e a demanda nun mercado.<br>-Identificar as variables que afectan aos movementos das curvas de demanda e de oferta.<br>-Analizar as variables que definen as distintas elasticidades de oferta e demanda.<br>-Calcular e definir os distintos tipos de elasticidades. | -Listas de cotexo.<br>-Probas escritas.<br>-Elaboración de mapas conceptuais.<br>-Achega dun comentario persoal e crítico da prensa; de noticias que teñan relación cos conceptos da unidade.<br>-Realización e interpretación de gráficas de oferta e demanda e os seus desprazamentos.<br>-Exercicios e actividades do libro de texto. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | ou servizo. | | | -Cálculo e interpretación de elasticidades para distintos produtos. |

UNIDADE DIDÁCTICA 6- <u>O MERCADO E OS SEUS FALLOS. A FUNCIÓN DO ESTADO</u>

| CONTIDOS DA U.D. | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMPORALIZACIÓN | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA | PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| 6.1-Clasificación dos mercados.<br>6.2-O mercado de competencia perfecta.<br>6.3-A competencia imperfecta.<br>6.4-Os bens públicos e os bens de propiedade común.<br>6.5-As externalidades.<br>5.6-A información imperfecta. | E.A.1.Recoñece a tipoloxía de mercados.<br>E.A.2. Identifica as externalidades positivas y negativas que se poden producir nunha sociedade.<br>E.A.3. Valora a importancia da información nun mercado. | 8 sesións. | - Analizar os tipos de mercados.<br>-Observar a tipoloxía de mercados que presenta a realidade.<br>-Valorar as externalidades como un dos fallos dos mercados.<br>-Recoñecer exemplos na realidade das externalidades.<br>-Aportar exemplos de información imperfecta da realidade. | -Listas de cotexo.<br>-Probas escritas.<br>-Esquemas.<br>-Achega dun comentario persoal e crítico da prensa; de noticias que teñan relación cos conceptos da unidade.<br>-Exercicios e actividades do libro de texto<br>-Análise e interpretación de documentación sobre a actividade do Estado na economía.<br>-Comentario sobre algunha película ou documental que trate o tema central da unidade.<br>-Busca e consulta de |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | fontes de información e documentación. |

UNIDADE DIDÁCTICA 7- A DISTRIBUCIÓN DA RENDA

| CONTIDOS DA U.D. | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMPORALIZACIÓN | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA | PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| 7.1-A renda dos axentes: o mercado de factores.<br>7.2-A distribución da renda.<br>7.3-A función distributiva do Estado. | E.A.1. Identifica cada unha das rendas que perciben os axentes económicos.<br>E.A.2. Valora e critica a importancia da función do Estado na redistribución das rendas. | 8 sesións. | -Identificar as rendas dos distintos axentes económicos.<br>-Realizar unha análise da función redistributiva do Estado.<br>-Razoar a importancia das tarefas do Estado no seu papel como redistribuidor da renda.<br>-Valorar os exemplos mais importantes nos que se concentra este papel dos Estados. | -Listas de cotexo.<br>-Probas escritas.<br>-Esquemas.<br>-Achega dun comentario persoal e crítico da prensa; de noticias que teñan relación coa unidade.<br>-Exercicios e actividades do libro de texto.<br>-Interpretación de documentos e gráficos sobre datos reais do aprendido na unidade. |



UNIDADE DIDÁCTICA 8- O CRECEMENTO ECONOMICO E O DESENVOLVEMENTO

| CONTIDOS DA U.D. | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMPORALIZACIÓN | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA | PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| 8.1-Os indicadores de crecemento económico.<br>8.2-O crecemento económico.<br>8.3-A política de crecemento.<br>8.4-Os límites do crecemento. | E.A.1. Calcula os indicadores de crecemento económico.<br>E.A.2. Analiza a importancia do crecemento económico dunha sociedade e os límites do mesmo.<br>E.A.3.Valora a necesidade das políticas de crecemento e a tipoloxía delas que poden aplicar os gobernos. | 8 sesións | -Calcular os mais importantes indicadores macroeconómicos.<br>-Describir o concepto de crecemento.<br>-Valorar os aspectos positivos e negativos do crecemento económico.<br>-Investigar as teorías contrarias ó crecemento económico ou ó limite deste.<br>-Criticar as políticas aplicadas para impulsar este. | -Listas de cotexo.<br>-Probas escritas.<br>-Mapas conceptuais.<br>-Achega dun comentario persoal e crítico da prensa; de noticias que teñan relación cos conceptos da unidade.<br>-Exercicios e actividades do libro de texto.<br>-Exercicios de cálculo de macromagnitudes.<br>-Busca e interpretación de datos das magnitudes mais utilizadas.<br>-Crítica dalgún documental ou película.<br>-Busca e consulta de fontes de información e documentación. |

UNIDADE DIDÁCTICA 9- AS POLIÍTICAS DE ESTABILIZACIÓN. EMPREGO E ESTABILIDADE DE PREZOS

| CONTIDOS DA U.D. | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMPORALIZACIÓN | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA | PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 9.1-Os ciclos económicos.<br>9.2-O desemprego.<br>9.3-A inflación. | E.A.1. Identifica as distintas fases dun ciclo económico.<br>E.A.2. Valora e critica a importancia do desemprego na sociedade.<br>E.A.3.Recoñece os distintos tipos de desemprego,e as distintas fontes de datos do mesmo.<br>E.A.4. Calcula a inflación dunha economía nun período. Interpreta e analiza a importancia destes datos. | 8 sesións. | -Identificar as variables que definen ós ciclos económicos e as fases dos mesmos.<br>-Valorar a importancia das cifras de desemprego e as distintas fontes de datos de desemprego.<br>-Coñecer as taxas de desemprego do entorno económico.<br>-Definir os tipos de desemprego.<br>-Razoar as distintas teorías económicas acerca das causas do desemprego.<br>-Calcular as taxas de inflación dunha economía.<br>-Valorar as repercusións da inflación na sociedade. | -Listas de cotexo.<br>-Probas escritas.<br>-mapas conceptuais.<br>-Achega dun comentario persoal e crítico da prensa, de noticias que teñan relación cos conceptos da unidade.<br>-Exercicios e actividades do libro de texto.<br>-Exercicios de cálculo de taxas de paro e de taxas de inflación.<br>-Comentario crítico dalgún documental ou película sobre a importancia do desemprego e da existencia dos ciclos económicos e as crises que provocan.<br>- Busca e consulta de fontes de información e documentación. |

UNIDADE DIDÁCTICA 10- A POLÍTICA FISCAL

| CONTIDOS DA U.D. | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMPORALIZACIÓN | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA | PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| 12.1-Obxectivos e instrumentos do sector público<br>12.2-Os ingresos públicos<br>12.3-O gasto público<br>12.4-O déficit público<br>12.5-A política fiscal | E.A.1. Describe os obxectivos e instrumentos do sector público.<br>E.A.2. Diferenza os tipos de ingresos públicos.<br>E.A.3.Recoñece as partidas para clasificar o gasto público segundo criterios económicos.<br>E.A.4.Valora a importancia do déficit público.<br>E.A.5.Diferenza a distintas formas de financiar o déficit.<br>E.A.6.Valora a importancia da política fiscal como instrumento do sector público. | 6 sesións. | -Diferenciar os tipos de ingresos públicos.<br>-Recoñecer os impostos.<br>-Define os elementos da estrutura dun imposto.<br>-Valorar a importancia do gasto público.<br>-Coñecer as distintas formas de financiar o déficit.<br>-Valorar a importancia da política fiscal para a economía.<br>-Valorar de xeito crítico a utilidade do sistema tributario e o gasto público para unha sociedade. | -Listas de cotexo.<br>-Probas escritas.<br>-Mapas conceptuais.<br>-Achega dun comentario persoal e crítico da prensa; de noticias que teñan relación cos conceptos da unidade ou non.<br>-Exercicios e actividades do libro de texto. |



UNIDADE DIDÁCTICA 11- O DIÑEIRO E O SISTEMA FINANCEIRO

| CONTIDOS DA U.D. | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMPORALIZACIÓN | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA | PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| 11.1-O diñeiro.<br>11.2-O sistema financeiro.<br>11.3-A supervisión do sistema financeiro. | E.A.1. Analiza e explica o funcionamento do diñeiro e do sistema financeiro nunha economía.<br>E.A.2. Valora o papel do sistema financeiro como elemento canalizador do aforro ao investimento, e identifica os produtos e os mercados que o compoñen.<br>E.A.3.Identifica os supervisores financeiros e a importancia dos mesmos para o correcto funcionamento do sistema e para a protección da sociedade. | 8 sesións. | -Describir as funcións do diñeiro e os tipos de diñeiro.<br>-Coñecer o funcionamento do sistema financeiro e o papel deste na economía.<br>-Valorar a importancia dos supervisores financeiros.<br>-Criticar o papel do sistema financeiro na crise actual. | -Listas de cotexo.<br>-Probas escritas.<br>-Mapas conceptuais.<br>-Achega dun comentario persoal e crítico da prensa; de noticias que teñan relación cos conceptos da unidade.<br>-Exercicios e actividades do libro de texto.<br>-Comentario de películas ou documentais sobre o papel do sistema financeiro.<br>-Elaboración e interpretación de información dos supervisores d sistema financeiro. |



UNIDADE DIDÁCTICA 12- A POLÍTICA MONETARIA

| CONTIDOS DA U.D. | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMPORALIZACIÓN | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA | PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 12.1-O mercado monetario.<br>12.2-As consecuencias da política monetaria. | E.A.1. Describe o mercado monetario.<br>E.A.2. Critica as políticas monetarias e os efectos que poden promover nunha economía.<br>E.A.3. Valora a importancia do tipo de xuro para os distintos axentes económicos. | 6 sesións. | -Identificar o mercado monetario.<br>-Coñecer as ferramentas utilizadas polas políticas monetarias.<br>-Analizar a importancia do tipo de xuro nas operacións mais comúns. | -Listas de cotexo.<br>-Probas escritas.<br>-Mapas conceptuais.<br>-Achega dun comentario persoal e crítico da prensa; de noticias que teñan relación cos conceptos da unidade ou non.<br>-Exercicios e actividades do libro de texto. |



UNIDADE DIDÁCTICA 13- O COMERCIO INTERNACIONAL

| CONTIDOS DA U.D | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMPORALIZACIÓN | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA | PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| 13.1-O comercio internacional.<br>13.2-Asa causas do comercio internacional.<br>13.3-As vantaxes e os inconvintes do comercio internacional.<br>13.4-Os instrumentos de protección comercial.<br>13.5-A integración | E.A.1. Valora a importancia do comercio internacional no mundo actual.<br>E.A.2.Identifica e describe os fluxos internacionais mais importantes.<br>E.A.3.Valora de xeito crítico a integración económica en estruturas | 6 sesións. | -Recoñecer a importancia do comercio internacional no mundo actual.<br>-Representar os fluxos internacionais na actualidade.<br>-Buscar as organizacións internacionais de comercio mais representativas e describir | Listas de cotexo.<br>-Probas escritas.<br>-Mapas conceptuais.<br>-Achega dun comentario persoal e crítico da prensa; de noticias que teñan relación cos conceptos da unidade.<br>-Exercicios e actividades do libro de texto. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| económica. | internacionais. | | o papel que desempeñan. | --Busca de información e documentación e interpretación da mesma. |

UNIDADE DIDÁCTICA 14- A BALANZA DE PAGAMENTOS E OS FLUXOS FINANCEIROS INTERNACIONAIS

| CONTIDOS DA U.D | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMPORALIZACIÓN | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA | PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| 14.1-A balanza de pagos.<br>14.2-O mercado de divisas.<br>14.3.-A globalización económica. | E.A.1. Recoñece a importancia da balanza de pagos como instrumento de análise dunha economía.<br>E.A.2. Describe o mercado de divisas.<br>E.A.3. Analiza e critica o proceso de globalización económica no mundo actual, valorando os aspectos positivos e negativos da mesma para os países afectados neste proceso. | 6 sesións. | -Identificar a balanza de pagamentos dun pais e o que este modelo representa.<br>-Valorar de xeito crítico a globalización económica unha vez coñecidas as súas características.<br>-Criticar os efectos positivos e negativos da globalización. | Listas de cotexo.<br>-Probas escritas.<br>-Mapas conceptuais.<br>-Achega dun comentario persoal e crítico da prensa; de noticias que teñan relación cos conceptos da unidade ou non.<br>-Exercicios e actividades do libro de texto. |

29

UNIDADE DIDÁCTICA 15- OS DESEQUILIBRIOS ESTRUTURAIS DA ECONOMÍA MUNDIAL

| CONTIDOS DA U.D | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMPORALIZACIÓN | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA | PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| 15.1-Os desequilibrios estruturais como problemas económicos.<br>15.2-O subdesenvolvemento.<br>15.3-O medio ambiente e o desenvolvemento sustentable. | E.A.1.Recoñece os principais problemas e retos da economía no mundo actual.<br>E.A.2. Analiza as causas do desenvolvemento dos países.<br>E.A.3. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional analizando as posibilidades dun desenvolvemento sustentable. | 8 sesións. | -Identificar os principais problemas da economía na actualidade.<br>-Valorar os retos<br>-Investigar as distintas achegas que tratan de solucionar ós problemas da economia no mundo global.<br>-Reflexionar sobre os cambios propostos dende algunhas institucións para estes problemas. | -Listas de cotexo.<br>-Mapas conceptuais.<br>-Achega dun comentario persoal e crítico da prensa; de noticias que teñan relación cos conceptos da unidade.<br>-Elaboración dun traballo en grupo acerca dos problemas mais relevantes e os retos da economía no mundo actual.<br>-Crítica dalgún documental ou película sobre os desequilibrios no eido económico actual.<br>-Busca de información e documentación e interpretación da mesma. |



## RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS

Segundo establece o currículo regulado polo R.D. 86/2015 DE 25 de xuño, a contribución ao desenvolvemento das competencias clave en relación cos estándares de aprendizaxe queda especificada polo seguinte cadro que relaciona ambos e indica esta relación para cada unidade didáctica.

-**CMCCT**: COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA

| | |
|---|---|
| E.A.2. Valora a importancia do modelo da F.P.P.<br>E.A.3. Identifica o concepto de economías de escala. Recoñece a súa importancia na produción empresarial.<br>E.A.4.Identifica e mide cada tipo de costo que aparece na produción.<br>E.A.5.Recoñece a importancia do beneficio e como maximizar este na produción. | **U.D.4 - A PRODUCIÓN E A EMPRESA** |
| E.A.1. Identifica a demanda e a oferta dun mercado e os parámetros que as condicionan.<br>E.A.2.Recoñece o equilibrio de mercado e as condicións que deben darse para variar este.<br>E.A.3 Representa as curvas, os movementos da demanda e da oferta nun mercado calquera.<br>E.A.4. Valora a importancia do concepto da elasticidade dun ben ou servizo. | **U.D.5- O MERCADO** |
| E.A.1. Identifica cada unha das rendas que perciben os axentes económicos.<br>E.A.2. Valora e critica a importancia da función do Estado na redistribución das<br>rendas. | **U.D.7- A DISTRIBUCIÓN DA RENDA** |
| E.A.1. Calcula os indicadores de crecemento económico.<br>E.A.2. Analiza a importancia do crecemento económico dunha | **U.D.8 –O CRECEMENTO ECONÓMICO E O DESENVOLVEMENTO.** |

| | |
|---|---|
| sociedade e os límites do mesmo. | |
| E.A.1. Identifica as distintas fases dun ciclo económico.<br>E.A.2. Valora e critica a importancia do desemprego na sociedade.<br>E.A.3.Recoñece os distintos tipos de desemprego,e as distintas fontes de datos do mesmo.<br>E.A.4. Calcula a inflación dunha economía nun período. Interpreta e analiza a importancia destes datos. | **U.D.9 AS POLÍTICAS DE ESTABILIZACIÓN. EMPREGO E ESTABILIDADE DE PREZOS.** |
| E.A.1. Describe o mercado monetario.<br>E.A.3. Valora a importancia do tipo de xuro para os distintos axentes económicos. | **U.D.10- A POLÍTICA FISCAL** |
| E.A.1. Analiza e explica o funcionamento do diñeiro e do sistema financeiro nunha economía.<br>E.A.2. Valora o papel do sistema financeiro como elemento canalizador do aforro ao investimento, e identifica os produtos e os mercados que o compoñen. | **U.D.11- O DIÑEIRO E O SISTEMA FINANCEIRO.** |
| E.A.1. Describe o mercado monetario.<br>E.A.2. Critica as políticas monetarias e os efectos que poden promover nunha economía.<br>E.A.3. Valora a importancia do tipo de xuro para os distintos axentes económicos. | **U.D.12 –A POLÍTICA MONETARIA.** |



**-CSC:** COMPETENCIAS SOCIAIS E CIVÍCAS

| | |
|---|---|
| E.A.1.Recoñece a escaseza e a correspondente necesidade de elixir como problema máis determinante en todo sistema económico.<br>E.A.2.Recoñece as necesidades humanas e o papel que teñen os bens que as satisfán.<br>E.A.3. Entende qué é actividade económica | **U.D.1- A CIENCIA ECONÓMICA** |

| | |
|---|---|
| E.A.1. Recoñece os distintos factores produtivos<br>E.A.2.Diferenza os axentes económicos e o papel que desempeñan na economía.<br>E.A.3.Representa a relación entre ambos a través do fluxo circular da renda | **U.D.2- FACTORES E AXENTES ECONÓMICOS** |
| E.A.1. Recoñece as características dun sistema económico e o papel deste na sociedade.<br>E.A.2. Diferenza entre os distintos tipos de sistemas económicos e recoñece os aspectos positivos e negativos de cada un deles.<br>E.A.3.Critica de forma razoada as vantaxes e inconvenientes de cada tipo de sistema para a sociedade en xeral. | **U.D.3- OS SISTEMAS ECONÓMICOS** |
| E.A.1.Identifica a produción e a importancia da mesma na actividade económica.<br>E.A.2. Valora a importancia do modelo da F.P.P.<br>E.A.3. Identifica o concepto de economías de escala. Recoñece a súa importancia na produción empresarial. | **U.D.4- A PRODUCIÓN E A EMPRESA** |
| E.A.1. Identifica a demanda e a oferta dun mercado e os parámetros que as condicionan.<br>E.A.2.Recoñece o equilibrio de mercado e as condicións que deben darse para variar este. | **U.D.5- O MERCADO** |
| E.A.1.Recoñece a tipoloxía de mercados.<br>E.A.2. Identifica as externalidades positivas y negativas que se poden producir nunha sociedade.<br>E.A.3. Valora a importancia da información nun mercado | **U.D.6- O MERCADO E OS SEUS FALLOS. A FUNCIÓN DO ESTADO** |
| E.A.1. Identifica cada unha das rendas que perciben os axentes económicos<br>E.A.2. Valora e critica a importancia da función do Estado na redistribución das rendas. | **U.D.7-A DISTRIBUCIÓN DA RENDA** |

| | |
|---|---|
| E.A.2. Analiza a importancia do crecemento económico dunha sociedade e os límites do mesmo.<br>E.A.3.Valora a necesidade das políticas de crecemento e a tipoloxía delas que poden aplicar os gobernos. | **U.D.8- O CRECEMENTO ECONÓMICO E O DESENVOLVEMENTO.** |
| E.A.1. Identifica as distintas fases dun ciclo económico.<br>E.A.2. Valora e critica a importancia do desemprego na sociedade.<br>E.A.3.Recoñece os distintos tipos de desemprego,e as distintas fontes de datos do mesmo.<br>E.A.4. Calcula a inflación dunha economía nun período. Interpreta e analiza a importancia destes datos. | **U.D.9- AS POLÍTICAS DE ESTABILIZACIÓN. EMPREGO E ESTABILIDADE DE PREZOS.** |
| E.A.1. Describe o mercado monetario.<br>E.A.2. Critica as políticas monetarias e os efectos que poden promover nunha economía.<br>E.A.3. Valora a importancia do tipo de xuro para os distintos axentes económicos. | **U.D.10- A POLÍTICA FISCAL** |
| E.A.1. Analiza e explica o funcionamento do diñeiro e do sistema financeiro nunha economía.<br>E.A.2. Valora o papel do sistema financeiro como elemento canalizador do aforro ao investimento, e identifica os produtos e os mercados que o compoñen.<br>E.A.3.Identifica os supervisores financeiros e a importancia dos mesmos para o correcto funcionamento do sistema e para a protección da sociedade. | **U.D.11- O DIÑEIRO E O SISTEMA FINANCEIRO** |
| E.A.1. Describe o mercado monetario.<br>E.A.2. Critica as políticas monetarias e os efectos que poden promover nunha economía.<br>E.A.3. Valora a importancia do tipo de xuro para os distintos axentes económicos. | **U.D.12- A POLÍTICA MONETARIA** |

| | |
|---|---|
| E.A.1. Valora a importancia do comercio internacional no mundo actual.<br>E.A.2.Identifica e describe os fluxos internacionais mais importantes.<br>E.A.3.Valora de xeito crítico a integración económica en estruturas internacionais. | **U.D.13- O COMERCIO INTERNACIONAL** |
| E.A.1. Recoñece a importancia da balanza de pagos como instrumento de análise dunha economía.<br>E.A.2. Describe o mercado de divisas.<br>E.A.3. Analiza e critica o proceso de globalización económica no mundo actual, valorando os aspectos positivos e negativos da mesma para os países afectados neste proceso. | **U.D.14- A BALANZA DE PAGAMENTOS E OS FLUXOS FINANCEIROS INTERNACIONAIS** |
| E.A.1.Recoñece os principais problemas e retos da economía no mundo actual.<br>E.A.2. Analiza as causas do desenvolvemento dos países.<br>E.A.3. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional analizando as posibilidades dun desenvolvemento sustentable. | **U.D.15- OS DESEQUILIBRIOS ESTRUCTURAIS DA ECONOMÍA MUNDIAL** |



**-CD**: COMPETENCIA DIXITAL

| | |
|---|---|
| E.A.1.Recoñece a escaseza e a correspondente necesidade de elixir como problema máis determinante en todo sistema económico.<br>E.A.2.Recoñece as necesidades humanas e o papel que teñen os bens que as satisfán.<br>E.A.3. Entende qué é actividade económica. | **U.D.1- A CIENCIA ECONÓMICA** |
| E.A.2. Diferenza entre os distintos tipos de sistemas económicos e recoñece os aspectos positivos e negativos de cada un deles. | **U.D.3-OS SISTEMAS ECONÓMICOS** |

| | |
|---|---|
| E.A.1.Identifica a produción e a importancia da mesma na actividade económica. | **U.D.4-A PRODUCIÓN E A EMPRESA** |
| E.A.2. Identifica as externalidades positivas y negativas que se poden producir nunha sociedade. | **U.D 6- O MERCADO E OS SEUS FALLLOS. A FUNCIÓN DO ESTADO** |
| E.A.2. Valora e critica a importancia da función do Estado na redistribución das rendas | **U.D.7-A DISTRIBUCIÓN DA RENDA** |
| E.A.1. Calcula os indicadores de crecemento económico.<br>E.A.2. Analiza a importancia do crecemento económico dunha sociedade e os límites do mesmo.<br>E.A.3.Valora a necesidade das políticas de crecemento e a tipoloxía delas que poden aplicar os gobernos. | **U.D. 8- O CRECEMENTO ECONÓMICO E O DESENVOLVEMENTO** |
| E.A.1. Identifica as distintas fases dun ciclo económico.<br>E.A.2. Valora e critica a importancia do desemprego na sociedade.<br>E.A.3.Recoñece os distintos tipos de desemprego,e as distintas fontes de datos do mesmo.<br>E.A.4. Calcula a inflación dunha economía nun período. Interpreta e analiza a importancia destes datos. | **U.D.9-AS POLÍTICAS DE ESTABILIZACIÓN. EMPREGO E ESTABILIDADE DE PREZOS** |
| E.A.2. Valora o papel do sistema financeiro como elemento canalizador do aforro ao investimento, e identifica os produtos e os mercados que o compoñen.<br>E.A.3.Identifica os supervisores financeiros e a importancia dos mesmos para o correcto funcionamento do sistema e para a protección da sociedade. | **U.D. 11- O DIÑEIRO E O SISTEMA FINANCEIRO** |
| E.A.1. Valora a importancia do comercio internacional no mundo actual.<br>E.A.2.Identifica e describe os fluxos internacionais mais importantes.<br>E.A.3.Valora de xeito crítico a integración económica en estruturas internacionais. | **U.D.13- O COMERCIO INTERNACIONAL** |

| | |
|---|---|
| E.A.1. Recoñece a importancia da balanza de pagos como instrumento de análise dunha economía.<br>E.A.2. Describe o mercado de divisas.<br>E.A.3. Analiza e critica o proceso de globalización económica no mundo actual, valorando os aspectos positivos e negativos da mesma para os países afectados neste proceso. | **U.D.14-A BALANZA DE PAGAMENTOS E OS FLUXOS FINANCEIROS INTERNACIONAIS** |
| E.A.1.Recoñece os principais problemas e retos da economía no mundo actual.<br>E.A.2. Analiza as causas do desenvolvemento dos países.<br>E.A.3. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional analizando as posibilidades dun desenvolvemento sustentable | **U.D.15- OS DESEQUILIBRIOS ESTRUCTURAIS DA ECONOMÍA MUNDIAL** |



**-CCL:** COMPETENCIA LINGÜÍSTICA

| | |
|---|---|
| E.A.3.Critica de forma razoada as vantaxes e inconvenientes de cada tipo de sistema para a sociedade en xeral | **U.D.3- OS SISTEMAS ECONÓMICOS** |
| E.A.3. Valora a importancia da información nun mercado. | **U.D.6- O MERCADO E OS SEUS FALLOS. A FUNCIÓN DO ESTADO** |
| E.A.2. Valora e critica a importancia da función do Estado na redistribución das rendas. | **U.D.7-A DISTRIBUCIÓN DA RENDA** |
| E.A.2. Analiza a importancia do crecemento económico dunha sociedade e os límites do mesmo. | **U.D.8- O CRECEMENTO ECONÓMICO E O DESENVOLVEMENTO** |

| | |
|---|---|
| E.A.3.Valora a necesidade das políticas de crecemento e a tipoloxía delas que poden aplicar os gobernos. | |
| E.A.2. Valora e critica a importancia do desemprego na sociedade.<br>E.A.4. Calcula a inflación dunha economía nun período. Interpreta e analiza a importancia destes datos | **U.D.9-AS POLÍTICAS DE ESTABILIZACIÓN. EMPREGO E ESTABILIDADE DE PREZOS** |
| E.A.1. Describe o mercado monetaro.<br>E.A.2. Critica as políticas monetarias e os efectos que poden promover nunha economía.<br>E.A.3. Valora a importancia do tipo de xuro para os distintos axentes económicos. | **U.D.10- A POLÍTICA FISCAL** |
| E.A.1. Analiza e explica o funcionamento do diñeiro e do sistema financeiro nunha economía.<br>E.A.2. Valora o papel do sistema financeiro como elemento canalizador do aforro ao investimento, e identifica os produtos e os mercados que o compoñen. | **U.D.11- O DIÑEIRO E O SISTEMA FINANCEIRO** |
| E.A.1. Describe o mercado monetario<br>E.A.2. Critica as políticas monetarias e os efectos que poden promover nunha economía.<br>E.A.3. Valora a importancia do tipo de xuro para os distintos axentes económicos | **U.D.12- A POLÍTICA MONETARIA** |
| E.A.1. Valora a importancia do comercio internacional no mundo actual.<br>E.A.2.Identifica e describe os fluxos internacionais mais importantes.<br>E.A.3.Valora de xeito crítico a integración económica en estruturas internacionais | **U.D.13- O COMERCIO INTERNACIONAL** |
| E.A.2. Describe o mercado de divisas.<br>E.A.3. Analiza e critica o proceso de globalización económica no mundo actual, valorando os aspectos positivos e negativos da mesma | **U.D.14- A BALANZA DE PAGAMENTOS E OS FLUXOS FINANCEIROS INTERNACIONAIS** |

| | |
|---|---|
| para os países afectados neste proceso. | |
| E.A.2. Analiza as causas do desenvolvemento dos países.<br>E.A.3. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional analizando as posibilidades dun desenvolvemento sustentable. | **U.D.15-OS DESEQUILIBRIOS ESTRUTURAIS DA ECONOMÍA MUNDIAL** |

-**CAA**: APRENDER A APRENDER

| | |
|---|---|
| E.A.1.Recoñece a escaseza e a correspondente necesidade de elixir como problema máis determinante en todo sistema económico.<br>E.A.2.Recoñece as necesidades humanas e o papel que teñen os bens que as satisfán. | **U.D.1-A CIENCIA ECONÓMICA** |
| E.A.1. Recoñece os distintos factores produtivos | **U.D.2-FACTORES E AXENTES ECONÓMICOS** |
| E.A.2. Diferenza entre os distintos tipos de sistemas económicos e recoñece os aspectos positivos e negativos de cada un deles.<br>E.A.3.Critica de forma razoada as vantaxes e inconvenientes de cada tipo de sistema para a sociedade en xeral. | **U.D.3-OS SISTEMAS ECONÓMICOS** |
| E.A.1.Identifica a produción e a importancia da mesma na actividade económica<br>E.A.4.Identifica e mide cada tipo de costo que aparece na produción. | **U.D.4-A PRODUCIÓN E A EMPRESA** |
| E.A.1. Identifica a demanda e a oferta dun mercado e os parámetros que as condicionan.<br>E.A.2.Recoñece o equilibrio de mercado e as condicións que deben darse para variar este.<br>E.A.3 Representa as curvas, os movementos da demanda e da oferta nun mercado calquera.<br>E.A.4. Valora a importancia do concepto da elasticidade dun ben ou servizo | **U.D.5-O MERCADO** |

| | |
|---|---|
| E.A.2. Identifica as externalidades positivas y negativas que se poden producir nunha sociedade | **U.D.6-O MERCADO E OS SEUS FALLOS. A FUNCIÓN DO ESTADO** |
| E.A.2. Valora e critica a importancia da función do Estado na redistribución das rendas. | **U.D.7-A DISTRIBUCIÓN DA RENDA** |
| E.A.1. Calcula os indicadores de crecemento económico.<br>E.A.2. Analiza a importancia do crecemento económico dunha sociedade e os límites do mesmo.<br>E.A.3.Valora a necesidade das políticas de crecemento e a tipoloxía delas que poden aplicar os gobernos. | **U.D.8-O CRECEMENTO ECONÓMICO E O DESENVOLVEMENTO** |
| E.A.2. Valora e critica a importancia do desemprego na sociedade.<br>E.A.3.Recoñece os distintos tipos de desemprego,e as distintas fontes de datos do mesmo.<br>E.A.4. Calcula a inflación dunha economía nun período. Interpreta e analiza a importancia destes datos | **U.D.9-AS POLÍTICAS DE ESTABILIZACIÓN. EMPREGO E ESTABILIDADE DE PREZOS** |
| E.A.2. Diferenza os tipos de ingresos público.<br>E.A.4.Valora a importancia do déficit público.<br>E.A.5.Diferenza a distintas formas de financiar o déficit.<br>E.A.6.Valora a importancia da política fiscal como instrumento do sector público. | **U.D.10- A POLÍTICA FISCAL** |
| E.A.1. Analiza e explica o funcionamento do diñeiro e do sistema financeiro nunha economía.<br>E.A.2. Valora o papel do sistema financeiro como elemento canalizador do aforro ao investimento, e identifica os produtos e os mercados que o compoñen.<br>E.A.3.Identifica os supervisores financeiros e a importancia dos mesmos para o correcto funcionamento do sistema e para a protección da sociedade | **U.D.11-O DIÑEIRO E O SISTEMA FINANCEIRO.** |
| E.A.3. Valora a importancia do tipo de xuro para os distintos axentes | **U.D.12-A POLÍTICA MONETARIA** |

| | |
|---|---|
| económicos | |
| E.A.1. Valora a importancia do comercio internacional no mundo actual.<br>E.A.2.Identifica e describe os fluxos internacionais mais importantes.<br>E.A.3.Valora de xeito crítico a integración económica en estruturas internacionais | **U.D.13-O COMERCIO INTERNACIONAL** |
| E.A.1.Recoñece os principais problemas e retos da economía no mundo actual.<br>E.A.2. Analiza as causas do desenvolvemento dos países.<br>E.A.3. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional analizando as posibilidades dun desenvolvemento sustentable. | **U.D.15-OS DESEQUILIBRIOS ESTRUTURAIS DA ECONOMÍA MUNDIAL** |



**-CSIEE**: SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

| | |
|---|---|
| E.A.1.Recoñece a escaseza e a correspondente necesidade de elixir como problema máis determinante en todo sistema económico.<br>E.A.2.Recoñece as necesidades humanas e o papel que teñen os bens que as satisfan. | **U.D.1-A CIENCIA ECONÓMICA** |
| E.A.1. Recoñece os distintos factores produtivos<br>E.A.2.Diferenza os axentes económicos e o papel que desempeñan na economía. | **U.D.2-FACTORES E AXENTES ECONÓMICOS** |

| | |
|---|---|
| E.A.3.Representa a relación entre ambos a través do fluxo circular da renda | |
| E.A.3.Critica de forma razoada as vantaxes e inconvenientes de cada tipo de sistema para a sociedade en xeral. | **U.D.3-OS SISTEMAS ECONÓMICOS** |
| E.A.1.Identifica a produción e a importancia da mesma na actividade económica | **U.D.4-A PRODUCIÓN E A EMPRESA** |
| E.A.1. Identifica a demanda e a oferta dun mercado e os parámetros que as condicionan.<br>E.A.2.Recoñece o equilibrio de mercado e as condicións que deben darse para variar este.<br>E.A.3 Representa as curvas, os movementos da demanda e da oferta nun mercado calquera. | **U.D.5-O MERCADO** |
| E.A.1.Recoñece a tipoloxía de mercados.<br>E.A.2. Identifica as externalidades positivas y negativas que se poden producir nunha sociedade.<br>E.A.3. Valora a importancia da información nun mercado. | **U.D.6-O MERCADO E OS SEUS FALLOS. A FUNCIÓN DO ESTADO** |
| E.A.2. Valora e critica a importancia da función do Estado na redistribución das rendas | **U.D.7-A DISTRIBUCIÓN DA RENDA** |
| E.A.1. Calcula os indicadores de crecemento económico.<br>E.A.2. Analiza a importancia do crecemento económico dunha sociedade e os límites do mesmo.<br>E.A.3.Valora a necesidade das políticas de crecemento e a tipoloxía delas que poden aplicar os gobernos. | **U.D.8-O CRECEMENTO ECONÓMICO E O DESENVOLVEMENTO** |
| E.A.1. Identifica as distintas fases dun ciclo económico.<br>E.A.2. Valora e critica a importancia do desemprego na sociedade.<br>E.A.3.Recoñece os distintos tipos de desemprego,e as distintas fontes de datos do mesmo.<br>E.A.4. Calcula a inflación dunha economía nun período. Interpreta e | **U.D.9-AS POLÍTICAS DE ESTABILIZACIÓN. EMPREGO E ESTABILIDADE DE PREZOS** |

| | |
|---|---|
| analiza a importancia destes datos. | |
| E.A.1. Describe os obxectivos e instrumentos do sector público.<br>E.A.2. Diferenza os tipos de ingresos públicos.<br>E.A.3.Recoñece as partidas para clasificar o gasto público segundo criterios económicos.<br>E.A.4.Valora a importancia do déficit público.<br>E.A.5.Diferenza a distintas formas de financiar o déficit.<br>E.A.6.Valora a importancia da política fiscal como instrumento do sector público. | **U.D.10-A POLÍTICA FISCAL** |
| E.A.1. Analiza e explica o funcionamento do diñeiro e do sistema financeiro nunha economía.<br>E.A.2. Valora o papel do sistema financeiro como elemento canalizador do aforro ao investimento, e identifica os produtos e os mercados que o compoñen.<br>E.A.3.Identifica os supervisores financeiros e a importancia dos mesmos para o correcto funcionamento do sistema e para a protección da sociedade. | **U.D.11-O DIÑEIRO E O SISTEMA FINANCEIRO** |
| E.A.1. Describe o mercado monetario.<br>E.A.2. Critica as políticas monetarias e os efectos que poden promover nunha economía.<br>E.A.3. Valora a importancia do tipo de xuro para os distintos axentes económicos. | **U.D.12-A POLÍTICA MONETARIA** |
| E.A.1. Valora a importancia do comercio internacional no mundo actual.<br>E.A.2.Identifica e describe os fluxos internacionais mais importantes.<br>E.A.3.Valora de xeito crítico a integración económica en estruturas internacionais. | **U.D.13-O COMERCIO INTERNACIONAL** |
| E.A.1. Recoñece a importancia da balanza de pagos como | **U.D.14-A BALANZA DE PAGAMENTOS E OS FLUXOS FINANCEIROS** |

| | |
|---|---|
| instrumento de análise dunha economía.<br>E.A.2. Describe o mercado de divisas.<br>E.A.1. Valora a importancia do comercio internacional no mundo actual.<br>E.A.2.Identifica e describe os fluxos internacionais mais importantes.<br>E.A.3.Valora de xeito crítico a integración económica en estruturas internacionais. | **INTERNACIONAIS** |
| E.A.1.Recoñece os principais problemas e retos da economía no mundo actual.<br>E.A.2. Analiza as causas do desenvolvemento dos países.<br>E.A.3. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional analizando as posibilidades dun desenvolvemento sustentable. | **U.D.15-OS DESEQUILIBRIOS ESTRUTURAIS DA ECONOMÍA MUNDIAL** |



## 5-CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

Segundo establece o artigo 27 do DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia:

1. Os centros docentes implementarán metodoloxías que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as súas características individuais e/ou estilos de aprendizaxe, co fin de conseguir que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento das súas capacidades. Así mesmo, estas metodoloxías deberán favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e promover o traballo en equipo, e para aplicar métodos de investigación apropiados.

2. A metodoloxía que se utilice no bacharelato favorecerá o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido.
3. As tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe en todas as materias, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.

A partir da normativa a aplicar e das características propias da materia e dos obxectivos que se pretenden co seu estudo no 1º de bacharelato as concrecións metodolóxicas a aplicar son as que se indican a continuación.

O punto de partida é o libro de texto que introduce e presenta ó alumnado os novos conceptos en cada unidade. A explicación expositiva, a análise e comentario do libro de texto é o punto de referencia para ó alumno/a en cada un dos temas é axuda a introdución nunha área nova e nunha nova terminoloxía. Estes contidos poderán completarse, reforzarse ou revisarse con outras metodoloxías mais participativas e que poderán desenvolverse de xeito individual as veces, e algunhas outras formando parte dun grupo de traballo constituído para esa actividade concreta. En concreto utilizamos as seguintes:



-Realización das actividades e exercicios propostos no libro de texto

-Comentarios escritos de artigos que cada alumno/a seleccione e aporte de xeito voluntario da prensa sobre a actualidade económica

-A busca de información na rede e no material do departamento relativa ós contidos do tema e/ou de temas anteriores

-Interpretación de estatísticas, táboas, datos presentados en gráficos....

-Lectura e análise de capítulos de determinadas obras de diversos economistas ou artigos de prensa especializada

-Valoración individual dos documentais ou películas que vexamos ó longo do curso

-Debates sobre algún dos temas das películas e/ou documentais.

-Debates organizados sobre algún tema en concreto e que poden organizarse cada trimestre e/ou ao final de curso.

O que se pretende é que o alumnado ademais de aprender os conceptos que o currículo establece, teña unha actitude crítica sobre as implicacións na vida real das situacións económicas que se dan, e as solucións que dende distintos foros ou institucións se propoñen. Interesar ó alumnado na materia conectándoa coa realidade e proxectando nesta a teoría aprendida.

En definitiva tratar de utilizar unha disciplina como a Economía para axudar na consecución das competencias que se perseguen no bacharelato segundo establece o currículo, tratando de favorecer tanto o traballo individual como o traballo en equipo e o pensamento autónomo, crítico e rigoroso.

## 6-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN A UTILIZAR

Os materiais a empregar durante o curso son

-Libro de texto recomendado ECONOMÍA 1º bacharelato de Andrés Cabrera Bautista. EDITORIAL SM

-Prensa sexa especializada ou non

-Documentais e películas

-Páxinas web sexan oficiais ou de carácter privado nas que obter e buscar información oficial, estatísticas, gráficos, estudios, artigos etc.

-Obras de referencia na materia xa sexa para a súa lectura completa ou para ler algún capítulo concreto

-Debates

-Concurso sobre cancións de temática económica

-Aula Virtual

-Plataforma Cisco Webex

## 7-CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A avaliación do alumnado seguirá un proceso que consistirá na valoración das probas escritas que se convoquen ó longo do trimestre e a cualificación de outros traballos ou participacións ou comentarios orais e/ou escritos que se apoien en calquera outro instrumento como artigos ou películas ou lecturas, análise de gráficos, estatísticas relativas ó tema etc.

Os exames ou probas escritas convocadas previamente serán dous ou tres en cada avaliación, de dous temas cada un, ou nalgúns casos, tres temas. A superación dos mesmos conséguese cunha nota mínima de 5 sobre 10, o que supón que esa parte queda superada. Para aprobar a avaliación será necesario aprobar os exames. Con todo, pode aprobar a avaliación un/a alumno/a que ó facer a media entre os exames, teña mais dun cinco, sempre e cando as notas dos exames sexan superiores a 4, senón non se fará a media e a avaliación quedará suspensa. Si aproba un exame e outro suspéndeo con menos dun 4, entón non se fará a media,e a avaliación quedará suspensa, pero se lle conserva a nota do exame aprobado.

A nota resultante das probas escritas convocadas será polo menos o 80% da nota da avaliación trimestral. O 20% restante será como máximo 2 puntos que poderán subir a nota do trimestre en función da participación do alumno/a correspondente nas outras actividades desenvolvidas en relación coas unidades estudadas. Inclúense dentro deste grupo os comentarios feitos de xeito voluntario e/ou obrigatorio sobre artigos, documentais, libros, actividades do libro de texto e a participación na clase de xeito crítico, e proactivo coa materia. Para sumar estes 2 puntos como máximo é necesario ter como mínimo un 4 nas probas escritas.

Haberá unicamente unha recuperación final da materia en xuño para recuperar as partes suspensas das avaliacións non superadas por non poder compensar co outro exame. Nesta última proba a cualificación mínima para superala será de 5 sobre 10. Na nota final de curso formará parte da media que se faga coas notas obtidas nas avaliacións aprobadas.

No proceso de cualificación e valoración do resto de instrumentos propostos pode darse o caso de ter que facer de novo algún comentario ou análise crítica dunha lectura , película etc. ata que quede superada a proba correspondente.

## 8-INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Considerase importante valorar os seguintes aspectos recollidos na seguinte táboa e que serven como unha primeira análise acerca do logro acadado na práctica docente e do proceso de ensino levado a cabo na materia. Si se considera algún outro aspecto relevante este incluirase na programación ó revisar esta.

| LOGROS | NON ALCANZADO | SUPERADO | PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|---|---|
| Programar a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe | Si non se teñen en conta os estándares de aprendizaxe tanto para avaliar como para alcanzar os mínimos para superar a materia aínda que os estándares de aprendizaxe estean presentes na programación. | Si os estándares de aprendizaxe son os guías na consecución dos mínimos para superar a materia e se teñen en conta ademais na programación de calquera actividade. | Consultar a programación, para cada unha das unidades que se vaian a impartir e facer fincapé nos estándares de aprendizaxe como unha peza clave no proceso de aprendizaxe. |
| Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para cada unidade para procurar impartir a totalidade do currículo. | S i quedan unidades sen impartir que supoñan mais dun 10% do total do curso. Ou si os estándares non impartidos nunha unidade supoñen mais dun 20%. | S i quedan unidades sen impartir que supoñan mais dun 5% do total do curso. Ou si os estándares non impartidos nunha unidade non supoñen mais dun 10%. | Revisión continua das sesións establecidas na programación e axustar estas para outros anos dependendo dos motivos da desviación. |
| Programa actividades que fomenten no alumnado o interese pola materia | Si as actividades programadas non teñen interese na maioría da clase | Si as actividades programadas provocan a discusión e o interese pola materia ou unidade correspondente | Indagación en novos materiais e nova metodoloxía a aplicar para outros trimestres ou cursos |
| Fai seguimento da evolución individual e atende as dificultades e progresos que se detectan procurando as solucións en cada caso | Si unha vez coñecido o grupo non se fan correcións segundo sexan detectadas necesidades na aula | Se adapta a programación ás necesidades específicas detectadas na aula | Revisión do traballo do alumnado que permita o seguimento das necesidades do alumnado |
| Estimula a participación activa e crítica nas actividades | Si non utiliza suficientes instrumentos e actividades que | Si utiliza de xeito habitual instrumentos que permitan a | Incluír mais actividades para promover a participación do |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | permitan e promovan este tipo de aprendizaxe. | maior participación de todos/as e esta participación evoluciona ó longo do curso con unha maior actividade crítica e reflexiva | alumnado e provocar a crítica e a reflexión do alumnado |
| Pretende a información obxectiva e a reflexión persoal e de grupo ademais da formación na materia | Si non ofrece ou informa da posibilidade de utilizar distintas fontes de información sempre que estas sexan plurais | Si se apoia e informa e axuda na obtención de información plural que provoque a reflexión no alumnado | Indagar continuamente na busca de novas fontes de información |

## 9-ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE PENDENTES



Para o alumnado que teña pendente a materia se establecerán unhas datas de realización de exames por trimestres. Pretendese así facer mais doado o seguimento e atender as dúbidas e cuestións que poidan suscitar os alumnos. Ofrecese a posibilidade de facer unha revisión por unidades e nesta comentar as dificultades atopadas á hora de estudar ou de facer os exercicios ou actividades propostas. Non se farán outro tipo de probas que no sexan as descritas. Si non se supera algún dos exames e non se permite facer a media cos outros debido a que a nota é inferior a 4, haberá un único exame final no mes de abril para recuperar os parciais non superados. A nota final será a media dos exames superados.

## 10-ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS

O alumnado non debe acreditar coñecementos previos para cursar a materia de 1º de Economía. Algúns deles teñen coñecementos que aportan al cursar outras materias como xeografía ou historia na E.S.O. pero son aspectos puntuais, case irrelevantes. Por outra banda os que cursaron a materia de Obradoiro de Iniciativa Emprendedora en 3º ou 4º da E.SO. ou Economía en 4º ESO aportan un maior coñecemento da empresa ó crear ou realizar un proxecto empresarial ou da economía en xeral xa que o currículo de 4º é mi similar nos contidos ó de 1º de bacharelato.

## 11-DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS OBTIDOS

A avaliación inicial realizase como un cuestionario de introdución á economía no que se lles pregunta por térmenos que son habituais no mundo real e de uso continuado nos medios de comunicación en xeral. Trátase de observar mais que o coñecemento dos conceptos concretos o achegamento e interese pola materia e/ou por cuestións da economía e da empresa en xeral. Ademais permiten observar a forma de expresar uns conceptos sobre os que nunca se preguntaron e nunca necesitaron definir ou utilizar. A modo de exemplo algúns dos incluídos son: nómina, prima de resgo, F.M.I., tipo de xuro,impostos e tipos de impostos…. Tamén se lles pregunta o por qué de cursar economía xa que as veces é elixida esta materia non por interese pola mesma senón por fuxir de outras materias. E por último sempre se lles pregunta por noticias de economía que coñezan para que fagan un pequeno resume e comenten o interese e importancia desta; o que nos da unha idea do seguimento ou non da actualidade e das noticias sexa por televisión ou por outros canles.

## 12-MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE



As principais medidas para á atención da diversidade na aula son:

-A programación de aula; na que cada profesor adapta a programación didáctica segundo as necesidades de cada grupo de alumnos en particular, establecendo secuencias de contidos, deseñando actividades con diferentes niveis de dificultade, modificando e adaptando o desenvolvemento das unidades, se é preciso, co fin de respectar o ritmo de aprendizaxe, realizando actividades de reforzo e ampliación.

-O reforzo educativo; poderán proporcionarse actividades e exercicios de reforzo a aqueles alumnos que non acaden unha avaliación positiva nos trimestres, resolveranse todas as dúbidas e dificultades que lles poidan ir xurdindo, cun maior seguimento do seu traballo, esforzo e evolución ao longo do curso. Tamén se prepararán actividades de ampliación de darse o caso e se o alumno está interesado.

-Adaptacións Curriculares Individualizadas; sempre que sexa preciso, elaboraranse coa axuda do departamento de orientación propostas curriculares específicas para alumnos con necesidades educativas especiais, modificando os obxectivos, contidos e criterios de avaliación.

-Alumnado con altas capacidades intelectuais; no caso de alumnado con altas capacidades, poderanse tomar medidas como a ampliación de contidos e competencias do curso corrente ou incluso de contidos e a adquisición de competencias propias de cursos superiores.

## 13-ELEMENTOS TRANSVERSAIS

No artigo 4 do *DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma* de Galicia, establécense os elementos transversais sobre os que traballar; algúns deles, en concreto sobre os que imos traballar na materia de Economía son os seguintes:

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional

2. Se fomentará o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra as persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Incluiranse os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.



3. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

3. Na materia de Economía se fomentará especialmente ó alumnado para que participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa,o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

4.No caso da situación que estamos vivindo por mor da pandemia do Covid-19 faise especial fincapé na responsabilidade individual, o respecto ás normas dentro e fóra do recinto do instituto e na solidariedade co resto da sociedade para ser exixentes coa observación das recomendacións sanitarias.

## 14-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Na presente situación non procede programar actividades extraescolares. Ao longo do curso si a epidemia o permite pódense programar charlas, debates, e outros actividades complementarias no centro. Ou mesmo online pode darse algunha oportunidade interesante na que participar.

## 15-REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

A revisión e mellora da programación entendese como o resultado dun proceso continuado de seguimento do alumnado ó longo do curso. As dificultades atopadas, os intereses detectados e todo aquilo que sexa considerado como un elemento a ter en conta para un adecuado deseño do proceso de ensino na materia incorporarase á programación do curso seguinte tratando así de mellorar e adaptar a mesma á evolución do alumnado e á evolución producida na materia. As melloras serán incorporadas á mesma no curso, de ser posible, ou en próximos cursos. Esta valoración haberá de figurar citada nas actas de departamento, e tratada na memoria que se faga ó remate do curso. Estes cambios e/ou desviacións poden ser recollidas con mais detalle noutros documentos de traballo de cada profesor/a.
Unha primeira medida a ter en conta este ano para a adecuación da programación ó alumnado é a de ter un libro de texto de referencia moito mais sinxelo que facilite o estudio da materia xa que o alumnado non parece ter nin un bo nivel en xeral nin interese especial polos estudios.

## 16-AVALIACIÓN DO ALUMNADO PENDENTE



Para a recuperación da materia polo alumnado que a teña pendente se establecerá un calendario ó inicio do curso cas datas da realización das probas escritas correspondentes. Se convocarán tres exames nos que se incluirá a materia do trimestre correspondente. Será necesario aprobar todos os exames, ou no caso de suspender algunha das partes, será posible facer media cas notas dos outros exames sempre que se acade un 4 ou mais. Se convocará unha última recuperación nun único examen ó que cada alumno/a terá que ir a realizar as partes non superadas. A nota final será a media das partes aprobadas.
Por outra banda poderá facerse o apoio e seguimento do alumnado coa elaboración e corrección duns cuestionarios para detectar as dificultades atopadas.

## 17-ANEXO COVID-19

1-Valoración dos contidos non impartidos o curso pasado e/ou informes individuais. Non procede xa que hai cambio de etapa e non é imprescindible cursar a materia previamente.

2-No caso de ter que facer o seguimento dunha parte do curso en semipresencialidade e/ou non presencial como posibles escenarios adoptaremos as ferramentas que a Consellería pon á nosa disposición, principalmente Aula Virtual e Plataforma Cisco Webex.

3-No caso que así ocorra veremos as instrucións e ou recomendacións que a Consellería de Educación esixe ou promove para adaptar ás programacións si é o caso.